

**BASES QUE REXERÁN A PARTICIPACIÓN NO
CONCURSO DE COMPARSAS 2017 EN
PONTEDEUME (MARTES DE ENTROIDO)**

- 1.- Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir (en todos os seus apartados) a solicitude de inscrición e presentala no Departamento de Cultura, sito na Avda. do Peirao. Edificio de Xulgados. Baixo). É necesario indicar o número de participantes e distribución no escenario. O prazo para a presentación remata o Venres 24 de Febreiro de 2017 ás 13 horas.
- 2.- Entenderase por comparsa un grupo de máscaras de oito ou máis persoas, maiores de 16 anos cumpridos. No caso de comparsas infantís, a agrupación estará formada como mínimo por oito persoas cunha idade máxima de 15 anos. O incumprimento desta cláusula conleva o non poder optar aos premios do concurso.
- 3.- As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na actuación.
- 4.- Cada comparsa deberá cantar ou recitar no palco que se instalará para tal fin na Praza Real do Concello, un mínimo de tres cancións. É obrigatorio que a lo menos unha delas sexa con contido e temática de Ponte deume.
- 5.- Cada comparsa entregará á organización un folleto no que estarán impresas as letras das cancións ou coplas que van cantar ou recitar que serán inéditas en canto á letra. Así mesmo entregarán entre o público copias das letras de forma gratuita.
- 6.- As comparsas para poder optar aos premios deberán participar en todos aqueles actos que a organización teña programados, e sexa necesaria a súa participación, para este Entroido 2017. Sendo necesaria a súa colaboración no mesmo Martes de Entroido, despois de rematar o concurso, para realizar animación e dinamización nas rúas e para o que serán organizadas por diferentes áreas da vila. Así mesmo están todas invitadas á Comida dos Parentes que se realizará o Mércores 1 de Marzo ás 14 horas na Praza Real dentro das actividades do Velorio do Finado.
- 7.- Destinaránse 4.000 € para repartir de maneira idéntica entre as distintas comparsas que participen no concurso que reúnan as condicións e requisitos esixidos nestas bases. O resultado deste reparto terá unha cuantía máxima de 700 € para cada unha. A maiores se establecen dous premios cun importe de 100 €. Un premio para á letra máis inxeniosa e outro para o mellor vestuario, sendo a decisión do xurado inapelable. No caso de aquelas comparsas que recollan o premio en metálico deberán entregar fotocopia do DNI da persoa que recibe o premio, así como firmar un recibí correspondente. En caso da existencia dalgunha comparsa infantil, deberán estar acompañados dun adulto para a recollida do premio que tamén deberá entregar fotocopia do dni e firma do recibí na recollida do premio en metálico.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Todos aqueles premios cunha cuantía superior a 300 € levarán unha retención do 19%.

8.- As comparsas participarán no pasarrúas que terá lugar o Martes de Carnaval. Reuniranse na Avenida de Raxoi ás 18:30 onde se indicará o orden de participación de acordo as necesidades de produción de cada unha para un correcto desenrolo das diferentes actuacións. Finalizado o proceso de distribución das comparsas, sairán da Alameda ás 19:00 horas ata a Praza Real, seguindo o seguinte traxecto: Corredoira das Virtudes- Rúa San Agustín- Avda. Saavedra Meneses-Rúa Inmaculada- Praza do Conde- Rúa Couceiro Freixomil- Praza Real, sempre e cando as condicións climatolóxicas o permitan. Aquelas comparsas que non se encontren presentes no sorteo ocuparán o lugar designado pola organización.

9.- Calquer dúbida que poida xurdir na interpretación destas Bases, os membros da organización terán a potestade para resolvela.

